

NORMATIVA REFERENTE Á MATRICULACIÓN DO ALUMNADO:

A) XERAIS

- A.1) A matriculación na Escola de Música Municipal do Grove leva consigo a aceptación total desta normativa de funcionamento.
- A.2) O réxime de clases lectivas rexeráse polo calendario escolar que se estableza pola Xunta de Galicia.
- A.3) Para as clases de Música e Movemento os/as alumnos/as deberán ter cumpridos os 4 anos.
- A.4) Non se poderá recibir ningunha clase en canto non estea formalizada a matrícula.
- A.5) Os/as alumnos/as poderán matricularse en calquera momento do curso, sempre que xurda unha vacante.
- A.6) A matriculación en Linguaxe Musical será obrigatoria ata que o nivel do/a alumno/a sexa superior a 4.º de grao elemental.
- A.7) A taxa de matriculación abóase íntegra no momento da matrícula.
- A.8) Unha vez formalizada a matrícula, o importe da taxa de matriculación nos se devolverá.
- A.9) Para asistir ás actividades grupais deberá estar matriculado en Instrumento ou en Linguaxe Musical.

B) RENOVACIÓN DA MATRICULA

- B.1) Os/as alumnos/as que queiran reservar praza para o vindeiro ano deberán facelo na secretaria e na fecha estipulada.
- B.2) A folha de renovación deberán recollela na secretaria da escola.
- B.3) A renovación dos/as alumnos/as serán efectivas se o fan dentro do prazo e se teñen aboadas todas as mensualidades.

C) ELECCIÓN DE INSTRUMENTO

- C.1) Os/as alumnos/as de Música e Movemento non terán clase de instrumento.
- C.2) A partir de 7 anos, todos/as os/as alumnos/as cursarán Linguaxe Musical e Instrumento, aínda que non cursaran antes Música e Movemento.

D) ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS DISPOÑIBLES

As prazas adxudicaránse cos seguintes criterios, sempre por orde de solicitude:

- D.1) En primeiro lugar, os/as alumnos/as procedentes de MM2.
- D.2) Alumnos/as do centro que soliciten cambio de instrumento.
- D.3) Solicitudes de ingreso con empadramento no Concello do Grove.
- D.4) Alumnos/as do centro que soliciten un segundo instrumento.

E) LISTAS DE ESPERA

- E.1) As listas de espera para cada actividade da Escola de Música confeccionaranse para cada curso unha vez adxudicadas as prazas vacantes. A lista confeccionase por orde seguindo o criterio de adxudicación de prazas.
- E.2) Cando se produza unha vacante, en calquera momento do curso, avisarase a primeira persoa da lista de espera.

F) PLAN DE ESTUDOS

A Escola de Música dispón dun plan de estudos que coordina unha formación musical orientada cara a profesionalidade, a apreciación musical e a práctica instrumental. Isto quere dicir que todos os alumnos serán encadrados en grupos do seu nivel, o mais homoxéneos en idade posible, a orientación cara un instrumento que se adecúe as súas capacidades, e fundamental para o seu desenrolo musical posterior.

Son moi importantes na evolución dos alumnos as actividades grupais, como coro e Banda.

G) RECUPERACIÓN DAS CLASES

G.1) As clases que perde o alumno por causas propias, non serán recuperadas nin terá dereito a devolución de taxas.

G.2) As perdas por o mestre, serán recuperadas polo mestre en día e horario consensuado co alumno afectado da baixa.

H) PAGOS DE COTAS MENSUAIS

H.1) As cotas mensuais serán preferiblemente por medio de domiciliación bancaria, ou ingreso bancario. Sempre por adiantado.

H.2) As cotas que se paguen en efectivo en secretaria da Escola, deberán facelo antes do día 10 de cada mes.

I) PRÉSTAMO DE INSTRUMENTOS

I.1) O préstamo de instrumentos será temporal, definindo o tempo a prestar o profesor de cada especialidade en función da súa utilización, manexo etc..

I.2) No momento de recibir o instrumento deberán firmar un documento no que se comprometen o bo uso e manexo do mesmo.

I.3) En caso de ter o instrumento algún defecto o usuario farase cargo da contía do arranxo, e no seu caso da súa reposición.

K) NORMAS DE CONVIVENCIA

K.1) En ningún caso se permitira o acceso dos alumnos as clases fora do horario establecido para as clases ou sen que o mestre este presente.

K.2) Gardarase silencio nos espazos de aceso as aulas para non entorpecer a marcha das clases.

K.3) Os alumnos deberán coidar o material do que dispoñen nas aulas.

K.4) A escola de música non se fai responsable do coidado dos nenos fora do horario das clases.

K.5) Os pais poderán solicitar unha entrevista de tutoría cando queiran falar co mestre do seu fillo para recibir os informes necesarios. Non se permite abordar os mestres polo corredor, facendo perder tempo de clases.

ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DO GROVE

Monte das Flores, s/n

36989 O Grove

Enderezo electrónico: esmuogrove@gmail.com

Teléfonos: 626 078 885 – 616 300 749